



## FEDERACION GALEGA DE DEPORTE ADAPTADO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado, 17 - Oficina 8 – 36209 VIGO  
Tfno. 986 234 694 - Móvil 672407578  
E-mail: [secretaria@fgda.gal](mailto:secretaria@fgda.gal) Web: [www.fgda.gal](http://www.fgda.gal)  
Nº RGTR. DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA.-F-12172 (12/1/2015)  
N.I.F. G27816271



# ELECCIÓN Á ASEMBLEA XERAL, COMISIÓN DELEGADA E PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DEPORTE ADAPTADO

## CONVOCATORIA

Segundo o previsto pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, *DECRETO 171/2021, do 23 de decembro (que modifica o DECRETO 16/2018, do 15 de Febreiro)*, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, a Xunta Directiva da Federación Galega de Deporte Adaptado convoca a celebración de eleccións á Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia.

O proceso electoral levarase a cabo de acordo có disposto no Regulamento Electoral aprobado pola Asemblea Xeral en Asemblea Extraordinaria celebrada o 22 de abril pasado e ratificado pola SXD e Xunta Directiva.

A interpretación e aplicación do Regulamento Electoral corresponde á Xunta Electoral elixida por esa mesma Asemblea Xeral. A Xunta Electoral ten o seu enderezo no da Federación (r/ Fotógrafo Luis Ksado 17, ofic. 6, Vigo) ou no enderezo electrónico **correofgda@gmail.com**, aos cales deberá remitirse toda a correspondencia dirixida á Xunta Electoral ou ás mesas electorais. A composición da Xunta Electoral é a seguinte:

- ◆ Presidente: D. Manuel Pozo Fidalgo
- ◆ Secretario: D. Borja Pozo Garcia
- ◆ Vocal: D<sup>a</sup> Ana María Iglesias Casal
- ◆ Suplentes: D<sup>a</sup> María Isabel González González  
D. Diego Pozo Garcia  
D. Luis Pozo Garcia

Os actos do proceso electoral levaranse a cabo nas datas contidas no calendario electoral anexo ó Regulamento.

As mesas electorais para a celebración das votacións estarán emprazadas no enderezo da Federación (r/ Fotógrafo Luis Ksado 17, Vigo) e no Edificio das Federacións Deportivas no Complexo Deportivo de Elviña (Praza San Agustín Díaz s/n A Coruña), abertas de 9:00 ata 13:00 horas.

Dende a publicación desta convocatoria queda exposto o censo provisional de electores e elixibles para que calquera membro da Federación poida consultalo e facer as reclamacións que estime oportunas ante a Xunta Electoral nos prazos e datas previstas que figuran no calendario electoral anexo a esta convocatoria. A consulta do censo pode facerse no taboleiro de avisos da



## FEDERACION GALEGA DE DEPORTE ADAPTADO

Rúa Fotógrafo Luís Ksado, 17 - Oficina 8 – 36209 VIGO  
Tfno. 986 234 694 - Móvil 672407578  
E-mail: [secretaria@fgda.gal](mailto:secretaria@fgda.gal) Web: [www.fgda.gal](http://www.fgda.gal)  
Nº RGTR. DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA.-F-12172 (12/1/2015)  
N.I.F. G27816271



Federación ou na páxina web da mesma: [www.fgda.gal](http://www.fgda.gal), no apartado “Proceso Electoral”.

Os modelos oficiais de sobres e papeletas son os que se detallan no regulamento electoral.

Os prazos e condicións para exercer o voto por correo son os que se detallan no regulamento e calendario electoral.

Coa publicación desta convocatoria electoral, a Xunta Directiva cesa nas súas funcións e queda constituída a Comisión Xestora, limitándose no sucesivo a adoptar acordos de mera administración e trámite.

Vigo, 29 de xuño de 2022.